



Iván Giménez / Tusquets-Editores

**Carlos Marzal** naceu en 1961 en Valencia e licenciouse en Filoloxía Hispánica –sección de Literatura- pola universidade da mesma cidade. Ademais de poeta é narrador, ensaísta e tradutor.

O seu primeiro libro de poemas foi *El último de la fiesta* (1987), logo virían *La vida de frontera* (1991) e *Los países nocturnos* (1996). A consagración chegaría da man de *Metales pesados* (2001) –Premio da Crítica Española e Premio Nacional de Poesía- seguidos máis tarde por *Fuera de mí* (2004) –galardoado co Premio Loewe de Poesía- e *Ánima mía* (2009). *El corazón perplejo* reunira a súa poesía en 2005. Do mesmo xeito, en 2002 e 2003 editáronse dúas antoloxías da súa obra poética: *Poesía a contratiempo (Poéticas y prosas)* e *Sin porqué ni a dónde*.

Coa súa primeira novela, *Los reinos de la casualidad* (2005) obtivo o Premio da Crítica Valenciana, o pasado ano publicou tamén un libro de relatos: *Los pobres desgraciados hijos de perra*, e proximamente verá a luz un volume de aforismos, *La arquitectura del aire*. Ademais, é autor de dous libros de ensaio, *El cuaderno del polizón (Apuntes sobre arte)*, (2007) e *Los otros de uno mismo* (2009). Conta tamén cunha traxectoria como tradutor de autores de lingua catalá, tales como Enric Sòria, Pere Rovira, Miquel de Palol, Joan Vinyoli ou Màrius Torres, para varias editoriais de prestixio.


Foi co-director da revista de literatura e touros “*Qutes*” durante a súa primeira década de existencia, e hoxe é colaborador habitual de revistas literarias tanto como columnista ou crítico literario en diarios como ABC, Levante ou El Mundo.

### *ET IN PULVEREM*

*Ese manto de armiño que cubre los objetos,  
ingrÁvida ceniza migratoria  
aventada a las cuatro esquinas del planeta,  
ese leve tumulto de partículas  
que tiembla en las aristas de la luz,  
serrín que precipita lo que existe,  
es uno de los modos enigmáticos  
con que se muestra el tiempo a nuestro asombro,  
y en su insignificancia constituye  
la prueba irrefutable de que nosotros mismos,  
al revertir en polvo, demostramos  
ser una mutación cavilosa del tiempo,  
mota de eternidad que se aposenta  
sobre el vuelo del aire y perpetúa  
su caricia en el mundo más remoto,  
porque nada se pierde ni malgasta,  
sólo este torbellino nos cambia de lugar,  
bagatelas errantes,  
bagatelas.*

23 de maio de 2011  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

## Ana Romaní Poetas di(n)versos





Eva Mourifié

**Ana Romaní** naceu en Noia en 1962. Escritora e xornalista, dende 1990 dirixe o programa “Diario Cultural” da Radio Galega, unha completa e puntual axenda cultural diaria con máis de 20 anos de traxectoria, recoñecida con diversos galardóns.

É autora dos poemarios *Palabra de Mar* (1987), *Das ultimas mareas* (1994), *Arden* (1998), *Love me tender. 24 Pezas mínimas para unha caixa de música* (2005) e o aínda recente *Estremas* (2010). A súa obra está ademais recollida en diversos libros colectivos e antoloxías.

Creou e participou en distintos proxectos artísticos interdisciplinares, entre eles “Son Delas” coordinado por Uxía Senlle, “O outro

extremo do paraíso” e “Lob\*s” (1998) con Antón Lopo, “Estalactitas” (2002) con Anxos Romeo e Lupe Gómez, “Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade” (2002) en solitario, e “A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos” (2003) con Anxo Quintela. Todos eles supoñían novas maneiras de chegar a palabra ao público a través da música ou da escena.

Realizou a *Antoloxía de Antón Avilés de Taramancos* (2003). Ademais, coordina e promove o volume de relatos *Narradio. 56 historias no ar* (2003) do “Diario Cultural” da Radio Galega e o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico organizado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego dende o ano 2006.

### UADI AL HITAN

*Acóllome á sombra da duna  
escoito o renxer das moles na area  
o alarido soterrado dos seus ósos  
- rede de poros meus afectos-  
e bebo todo o océano que mana  
desa dor mineral ámbar no deserto*

23 de maio de 2011  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

# Carlos Marzal

## Poetas di(n)versos

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)

Gráficas Mera C 1037-2011



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura